

Existindo, pois, dúas clases de verdades divinas, unha das cales pode alcanzar co seu esforzo a razón e a outra que sobrepasa toda a súa capacidade, ámbalas dúas propóñense convenientemente ao home para seres cridas por inspiración divina. Ocuparémonos, en primeiro lugar, das verdades que son accesíbeis á razón, non sexa que alguén crea inútil o propoñer para crer por inspiración sobrenatural o que a razón pode alcanzar.

Se se abandonase ao esforzo da soa razón a descuberta destas verdades, seguiríanse tres inconvenientes.

O primeiro, que moi poucos homes coñecerían a Deus. Hai moitos imposibilitados para atopar a verdade, que é froito dunha dilixente investigación...

O segundo inconveniente é que os que chegan a atopar esa verdade con dificultade e despois de moito tempo, xa que pola súa mesma profundidade o entendemento humano non é idóneo para captala racionalmente, senón despois dun longo exercicio...

O terceiro inconveniente é que pola mesma debilidade do noso entendemento para discernir e pola confusión as máis das veces a falsidade mestúrase na investigación racional e, polo tanto, para moitos serían dubidosas verdades que realmente están demostradas, xa que ignoran a forza da demostración, e principalmente vindo dos mesmos sabios, ensinan verdades contrarias. Por iso foi conveniente presentar aos homes, por vía da fe, unha certeza fixa, e unha verdade pura das cousas divinas.

(Tomé de Aquino. Suma contra gentiles)

Cuestións texto:

1. ¿Cales son as dúas verdades das que fala o texto?, ¿que nome reciben por parte Tomé de Aquino?, ¿cales son as súas características?
2. ¿O feito de que haxa verdades divinas que se poidan demostrar racionalmente implica que carece de sentido a fe, a mera crenza?
3. ¿Cales serían os problemas que se derivarían de que as verdades divinas só puidesen ser admitidas racionalmente?, pero ¿isto é realmente así?, ¿unicamente son verdades divinas as que se demostran?
4. ¿A razón natural humana é capaz de demostrar e comprender toda a verdade?, ¿é infalible?, ¿que probas temos da infalibilidade ou falibilidade da luz natural?, ¿existe algún ámbito de certeza para o ser humano?, ¿onde estaría esa certeza?